

2005

O PEIRAO

recuperación do espazo urban

conclusiones

esta iniciativa promoveu un mellor coñecemento da situación actual do vello peirao e os recheos contiguos, e permitiu propor solucións baseadas na experimentación de novas ideas da cidade e o espazo público, creando deste xeito plataformas de decisión máis fundamentadas

evidentemente non é posible ter solucións acabadas en seis días de traballo máis, como se viu, é posible ter ideas interesantes e operativas, con capacidade funcional e desenvoltas con plena liberdade. O proceso creativo debeu consideraren, mais non defenderen, unha realidade que podería dificultar, e mesmo impediren, o desenvolvemento dunha zoa moi interesante pola súa potencialidade urbana

é interesante chamar a atención sobre algúns aspectos nos que coinciden as propostas que, certamente, constituirán temas de reflexión e de inspiración para accións futuras e deberán ser tratadas, necesariamente, dunha forma máis cualificada e profesional a partir de agora:

créditos

11 ó 16 de xullo 2005
Claustro da Igrexa de San Francisco, Viveiro

deseño e coordinación

Peggy Navarro Suárez
Alberto Vázquez Aguilar

dirección académica

Juan Luís Dalda Escudero
Manuel Fernandes de Sá

profesores do obradoiro

Jose Carreira Montes
Juan Creus + Covadonga Carrasco
Jesús Irisarri + Guadalupe Piñera

relatores do seminario

Carlos Nuevo Cal
Felipe Peña Pereda
Juan Antonio Rodríguez Pardo
Juan Luís Dalda Escudero
Juan Creus + Covadonga Carrasco
Jesús Irisarri + Guadalupe Piñera
Jesús Llamazares + Jacobo Fernandez
Manuel Fernandes de Sá

asistentes

Javier Álvarez Fernanz
Antonio Barcón Vázquez
Yolanda Blanco Ramos
Sonia Calvo Garrido
Silvia Candía Expósito
Luis Carretero Castiñeira
José Glez-Cebrián Fdez de Caleyá
Francisco Javier Fraga Cardóniga
Antonio García Mejuto
Gumersindo Gómez Fernández
Victor Grande Nieto
Marcos Hermida Trastoy
Aurora López Barrós
Estefanía López Salas
Jorge Otero Amil
Miguel Ratón Almuíña
Mirian Rodríguez Calvo
Juan Ramón Sánchez Pernas
José Antonio Valiña Alonso
Zeltia Vega Santiago
José Veiga Luna

01

a reconstrución da sección da Avenida Ramón Canosa, considerando a arborización como novo elemento de orde e imaxe, criará unha imaxe máis urbana, estable e unificadora, capaz de integrar de mellor xeito os equipamentos e incluso as edificacións máis altas da zoa de Lodeiro

02

o xogo, o diálogo articulado e flexible entre a auga e a terra que se pode desenvolver no Peirao, e que se manifesta en solucións formalmente ricas e que suxiren un gran potencial cara a fixación de actividades de lecer e o ocio

03

a apertura da Avenida Cervantes cara o mar, recuperando unha relación ambigua e promiscua na que a avenida mergullase no mar

04

a proposta dunha ponte peonil, xunto ao porto deportivo, que permitirá a relación funcional entre as dúas marxes da enseada, baseada no seu dobre carácter dotacional e ambiental, e a creación dun paseo sobre a auga de evidente valor paisaxístico

05

o esforzo en diminuír o impacto paisaxístico da estación de autobuses, do supermercado Haley e o edificio do Casino, a través da creación de novos sistemas de espazos públicos, arborización e construcións concibidos dende unha perspectiva de conxunto, e dotados polo tanto dunha estrutura urbana integradora

06

a tentativa de viabilizar economicamente as solucións suxeridas, a través de abordaxes programáticas realistas nas que se propoñen a instalación de actividades (equipamentos, residencia, comercio, hostalería) de iniciativa pública e privada, capaces de contribuír cara a rentabilización dos investimentos, liberando o proceso proposto das servidumes que supoñen sempre a dependencia exclusiva das políticas de subvención e orzamentos públicos

07

a abordaxe dos escenarios estudados dende a preocupación e a conciencia da necesidade de ligazón do proxecto cos equipamentos contiguos, ca outra beira da enseada, co porto deportivo e co tecido histórico, fuxindo así dunha visión ensimesmada e propoñendo medidas de ámbito máis vasto que o relacione e o integre coa cidade nunha perspectiva de futuro



organiza



colabora

